



PLAN DIXITAL

EEI de Aro

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Datos do centro		
Código	Denominación	
15022826	EEI DE ARO	
Enderezo		C.P.
Camiño Real, 8		15838
Localidade	Concello	Provincia
Aro	Negreira	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	
690 17 82 95	eei.aro@edu.xunta.es	

Neste curso 2021/22 escolarízanse 10 nenos/as de Educación Infantil, que se distribúen do seguinte xeito nunha aula mixta:

- 5 alumn@s de 4º de Educación Infantil.
- 3 alumnas de 5º de Educación Infantil.
- 2 alumnos de 6º de Educación Infantil.

Respecto ao profesorado, o centro conta:

- 1 mestra titora responsable.
- 1 mestra especialista en inglés (itinerante).
- 1 mestra de relixión católica (itinerante).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

● Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro :

O centro atópase nunha zona rural do interior do Concello de Negreira, na aldea de Aro, que dista 4 Km. da vila.

As familias son na súa maioría de tipo nuclear con presenza de avós e outros familiares achegados convivindo na vivenda familiar e pertencen a unha clase socio-cultural-económica media atendendo ó nivel académico, pero contrárréstase coas aportacións de “cultura popular”.

Trátase dunha poboación que desenvolve fundamentalmente o seu traballo en sectores como a agricultura, os servizos e a industria, e tamén como profesionais autónomos.

No centro utilízase como vía de comunicación coas familias Abalarmóbil. Son deficientes os recursos dos que dispón o centro e, o pouco do que dispoñemos resulta obsoleto. Esperamos que o Plan Dixital sexa unha ferramenta de planificación coa que mellorar o tratamento da información, a competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

● **Contribución ao Proxecto Educativo de Centro**

Ao tratarse dunha escola unitaria, a mestra leva a cabo funcións de docencia, titoría e xestión.

A incorporación de ferramentas dixitais no funcionamento do centro e a incorporación das TICs nas actividades de ensino-aprendizaxe sempre se foron abordando sen ter deseñado un Plan Tics e polo tanto nunca foi incluído no PEC.

Os recursos dixitais sempre estiveron presentes transversalmente noutros documentos de xestión: PXA, Memoria, Programacións Didácticas.

● **Contribución do PD á Programación do curso 2022/2023**

No comezo do curso escolar 2022/2023 incorporárase á PXA a concreción anual do Plan Dixital co cal xa dispoñemos dun documento de planificación no que se recollerán os obxectivos o plan de acción e o seguimento dos diferentes aspectos do plan coa perspectiva temporal do curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do presente documento tivéronse en conta tamén os seguintes textos legislativos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil, no que aparece recollida entre as competencias clave, a competencia dixital. Iniciando nesta etapa educativa o proceso de alfabetización dixital que conleva, entre outros, o acceso á información, a comunicación e a creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do

Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Durante o proceso de elaboración do plan dixital no curso 2021-2022 seguimos os seguintes pasos:

- Creación do PFP conxuntamente con outra escola para a elaboración do Plan Dixital.
- Titorización, tanto presencial como telemática, por parte do mentor do equipo ADIX.
- Análise da situación do centro a través da ferramenta SELFIE e TCDD.
- Elaboración do informe DAFO cos datos recollidos coas anteriores ferramentas.
- Elaboración do plan dixital para a súa posterior aprobación polo Consello escolar.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Infraestrutura dixital do centro*: conexión a internet por cable e sen fíos.

- *Equipamento dispoñible*:

2 ordenadores de sobremesa (precisan renovación)

1 ordenador portátil (precisa renovación).

1 proxector (precisa renovar a lámpada).

1 pizarra dixital interactiva.

É unha escola unitaria, o uso dos mesmos faise na única aula existente.

- *Servizos dixitais educativos*: espazoAbalar, Abalarmóbil, correo electrónico, xade.

- *Mantemento*: A Xestión do mantemento do equipamento: realizado pola UAC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Na táboa que aparece a continuación reflíctese o resumo das diferentes áreas do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.					
	Profesorado	3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				

	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,3				
	Profesorado	2				
	Alumnado					

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
57	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	57	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	1	100%
TOTAL	1	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Dispone dunha conexión adecuada a internet. - A UAC responde adecuadamente ás nosas necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> - Carencia e mal estado de recursos dixitais (ordenadores, PDI). - Non hai repositorios de actividades en liña.

	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado disposto a mellorar a súa competencia dixital. - Formación e compartir experiencias. 	<ul style="list-style-type: none"> - Carencias en canto á formación. - Escasez no emprego en entornos virtuais de aprendizaxe. - Dificultade para crear recursos dixitais propios.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<ul style="list-style-type: none"> - Falta de recursos electrónicos para o alumnado.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Boa comunicación permanente familia-escola. 	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a utilización de abalar, Cisco Webex... - Creación dunha páxina web do centro para difundir novas de interese. - Reacias ó uso dos servizos tecnolóxicos.
	OFERTA		<ul style="list-style-type: none"> - Non se colabora con outros centros, entidades nin institucións.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade de mellorar o recuncho de informática. 	<ul style="list-style-type: none"> - Limitación de espazo. - Non se conta co tempo suficiente para a exploración dixital no horario lectivo. - É necesario definir a estratexia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración do Plan Dixital. - Emprego de ferramentas corporativas (agueiro, webs dinámicas...) 	<ul style="list-style-type: none"> - Pouca ou nula dotación de recursos dixitais. - Excesiva carga burocrática.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento da normativa relativa ao ámbito dixital. 	
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - Boa conexión a internet. 	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar as tecnoloxías dixitais para colaborar con outros centros. - O concello oferta diferentes actividades relacionadas co ámbito dixital. 	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos establecidos no presente plan dixital foron deseñados partindo da situación actual da nosa escola e as necesidades da nosa comunidade educativa.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para levar a cabo a implantación do Plan Dixital no vindeiro curso 2022-23, consideramos que deberían levarse a cabo as seguintes melloras no equipamento da escola:

- **4 ordenadores portátiles** : para o uso do alumnado co obxectivo de que melloren a súa competencia dixital a través de xogos, escritura dixital, etc.
- **1 ordenador portátil para uso das mestras**: para a realización de tarefas tales como os informes administrativos, creación de contidos dixitais para as actividades de ensino-aprendizaxe...
- **5 Tablets**: para uso do alumnado, para acercalos ás novas tecnoloxías dun xeito máis amable.
- **1 Proxector ou o arranxo do actual** : para uso xeralizado de todo o profesorado nas súas actividades de ensino-aprendizaxe levadas a cabo co alumnado e así mellorar a competencia dixital de docentes e o grupo-clase.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar o uso da AV do centro				Acadado	
Responsable:	Persoa responsable da Dirección da Escola				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Creación de cursos na AV corporativa					
Valor de partida: (3)	0 cursos na AV da escola					
Valor previsto e data: (4)	1 curso na AV da escola			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitar a participación no proxecto denominado "Webs dinámicas".	Persoa responsable da Dirección da Escola	Setembro 2022	Correo electrónico á websdinamicas@edu.xunta.es		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.1: Solicitar e recibir formación a través da liña do Plan Dixital do PFPP sobre Configuración da Aula Virtual e/ou formación entre iguais.	Persoa responsable da Dirección da Escola Profesorado.	30/05/2023	Ordenador e conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Crear un curso na AV da escola.	Persoa responsable da Dirección da Escola Profesorado.	30/05/2023	Ordenador e conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 2: (1)	Utilizar recursos dixitais co alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil na AV corporativa				Acadado	
Responsable:	Persoa responsable da Dirección da Escola				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	N.º de recursos dixitais subidos á AV da Escola.					
Valor de partida: (3)	0 recursos dixitais subidos á AV da Escola.					
Valor previsto e data: (4)	3 recursos dixitais subidos á AV da Escola.			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Solicitar e recibir formación a través da liña do Plan Dixital do PFPP sobre a Creación de recursos dixitais e/ou formación entre iguais.	Persoa responsable da Dirección da Escola	30/05/2023	Ordenador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Buscar e/ou crear recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e subilos á AV	Persoa responsable da Dirección da Escola. Profesorado	30/05/2023	Ordenador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Traballar co alumnado cos recursos subidos á AV	Persoa responsable da Dirección da Escola. Profesorado	30/05/2023	Ordenador e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

No referido a avaliación procesual levaremos a cabo unha avaliación trimestral, na que se valorarán os seguintes aspectos: o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Farase unha avaliación final unha vez rematado o curso escolar valorando nela o grado de consecución dos obxectivos e establecendo, si é preciso, as correspondentes propostas de mellora.

5. Difusión do plan

As estratexias que imos a seguir para a difusión do Plan Dixital son:

- Presentación e aprobación do Plan Dixital no Consello Escolar.
- Difusión do Plan Dixital entre toda a Comunidade Educativa a través das reunións informativas pertinentes.